

## Os impactos socioeconómicos do Camiño Primitivo en Asturias: percepción dos residentes

Marta Magadán Díaz\* / Jesús I. Rivas García

Universidad Internacional de La Rioja, Facultad de Empresa y Comunicación, Avenida de la Paz 137, 26006 Logroño, España

Recibido: 22 de febreiro de 2021 / Aceptado: 6 de xullo de 2021

### Resumo

O obxectivo xeral desta investigación é realizar unha avaliación dos impactos económicos e sociais sobre as localidades asturianas polas que transcorre o Camiño Primitivo. Para iso desenvólvese unha análise descritiva de datos cuantitativos primarios a partir de entrevistas telefónicas en dúas das cinco localidades consideradas neste estudo e seleccionadas partindo dunha análise previa de datos cuantitativos secundarios. Os resultados obtidos mostran que o impacto económico e social derivado do Camiño Primitivo foi considerado positivo entre os participantes. A presenza de peregrinos tivo boa acollida ao seren percibidos como visitantes educados, amables e interesantes pola novidade que achegan á vida local. O efecto do Camiño Primitivo sobre a conciencia da riqueza patrimonial e sobre a tradición das localidades, así como o aumento de eventos culturais, tamén foron aspectos valorados entre os participantes, quen non detectaron impactos negativos significativos.

### Palabras clave

Camiño Primitivo; impacto económico; impacto social; Asturias.

## The socioeconomic impacts of the St James' Primitive Way in Asturias: Residents' perceptions

### Abstract

The general objective of this research is to carry out an assessment of the economic and social impacts on the Asturian towns crossed by the Primitive Way. For this, a descriptive analysis of primary quantitative data is developed from telephone interviews in two of the five localities considered in this study and selected based on a previous analysis of secondary quantitative data. The results obtained show that the economic and social impact derived from the Primitive Way was positively perceived as among the participants. The presence of pilgrims was well received as the respondents perceived them as polite, friendly, and suggestive due to the novelty they brought to local life. The effects of the Primitive Way on awareness of the heritage wealth and tradition of the localities, as well as the increase of cultural events, were also positively valued among the respondents, who did not perceive any significant adverse impacts.

### Keywords

Primitive Way; economic impact; social impact; Asturias.

**JEL Codes:** L83, O11, O12, O18, R11.

\* M. Magadán Díaz: [marta.magadan@unir.net](mailto:marta.magadan@unir.net) (autora para correspondencia), J. I. Rivas García: [jesus.rivas@unir.net](mailto:jesus.rivas@unir.net)

## 1. Introducción

Os desprazamentos relacionados con peregrinacións relixiosas e co turismo cultural constitúen un dos fenómenos máis populares en Europa e en España (Somoza e Lois, 2017). Para algúns, o Camiño de Santiago segue sendo esencialmente unha ruta relixiosa, pero para a maioría as motivacións espirituais, paisaxísticas, patrimoniais ou de simple gusto por retornar á mobilidade lenta constitúen o impulso fundamental para dirixirse a Santiago (Castro Fernández, Lois González e López, 2016; Pérez e Lois, 2018; Santos e Pena, 2014; Somoza e Lois, 2017).

A espiritualidade converteuse nun importante mercado turístico (Collins-Kreiner, 2018; Griffin e Raj, 2018; Huang, Pearce, Guo e Shen, 2020; Iliev, 2020; Kim, Kim e King, 2020) coa renovación das peregrinacións tradicionais e a aparición doutras novas en todo o mundo (Griffin e Raj, 2018).

O Camiño de Santiago, como produto turístico, pasou de ser un fenómeno exclusivamente vinculado ao turismo espiritual e relixioso para evolucionar cara a algo moito máis amplo que abarca distintas categorías turísticas relacionadas, principalmente, coa cultura e coa natureza (Albert, 2020; Martín-Duque, 2017; Somoza e Lois, 2017).

O Camiño de Santiago ten as súas orixes no século IX, cando se descobre e se reconece o que se consideraron os restos do apóstolo Santiago. Foi, precisamente, Afonso II o primeiro peregrino a Compostela, e o seu itinerario constituíu o primeiro Camiño de Santiago: desde Oviedo, capital do reino, por Grado, Salas, La Espina, Tineo, Pola de Allande e Grandas de Salime, para internarse en terras galegas pola provincia de Lugo ata conectar co Camiño Francés, en Melide, a uns 55 km de Santiago de Compostela (Girish e Lee, 2020; Martín, 2014). O Camiño Primitivo diríxese a Compostela polo interior de Asturias e Galicia. Unha das peculiaridades desta ruta, fronte ao resto de Camiños de Santiago, é a súa dureza. Desde Oviedo ata Lugo pódese observar que o Camiño Primitivo se mostra como unha típica ruta de montaña media, que esixe unha certa preparación física para abordala. Neste sentido, os albergues facilitan a culminación do percorrido aos peregrinos menos adestrados ou máis lentos, acurtando distancias entre etapas. Outra peculiaridade rechamante do Camiño Primitivo garda relación coa súa riqueza natural e paisaxística que dota ao trazado dunha especial beleza, ao atravesar infinidade de bosques, prados de pastoreo, vales, outeiros, montañas, ríos, arroyos, aldeas... A maior parte do Camiño transcorre en plena natureza e, afortunadamente, case non hai contacto con estradas de tráfico intenso (Fernández, 2017; Martín, 2014).

A peregrinación a Santiago de Compostela nace directamente vinculada á figura do apóstolo Santiago, encargado –segundo a tradición– de difundir o cristianismo na Península entre os anos 33 e 43 d. C. (Millán, Morales e Pérez, 2010; Santos, 2017).

O rexurdir do Camiño de Santiago ten lugar en 1954, ano en que dous feitos reflicten o incipiente interese do Estado español por promover a chegada dos primeiros turistas ao Camiño: a construción do aeroporto de Santiago de Compostela e a do Hostal San Marcos (Martín-Duque, 2017; Santos, 2017). Con todo, é nos anos noventa do século pasado coa creación de Turgalicia, desde onde se impulsa o “Plan Xacobeo 93”, cando o fenómeno xacobeo adquire un talante máis turístico. O século XXI consolida a dita dimensión co Instituto do Turismo de España (TURESPAÑA), que desde 2002 desenvolve anualmente o “Plan estratéxico de actuación para a promoción e comercialización turística do Camiño de Santiago”, instrumento encargado de manter e de promocionar o Camiño como produto turístico no exterior, outorgándolle deste xeito unha maior visibilidade internacional (Martín-Duque, 2017; Santos, 2017).

Hoxe en día é posible trazar outras rutas a Santiago de Compostela. Ademais do Camiño Francés e do Primitivo, pódense sinalar o Camiño do Norte, a Ruta da Prata, o Camiño Portugués, o Camiño Inglés, o Camiño Sanabrés, o Camiño Vasco, o Camiño Catalán por San Juan de la Peña, o Camiño Baztanés, o Camiño de San Salvador e o Camiño a Fisterra e Muxía (Millán, Morales e Pérez, 2010).

As autoridades gobernamentais esperan que o turismo de peregrinación axude a revitalizar as comunidades, en particular as áreas rurais con perspectivas económicas limitadas (Lee e Jan, 2019). Con todo, existen relativamente poucos estudos sobre como as comunidades de acollida perciben os im-

pactos que trae o turismo de peregrinación, especialmente nas comunidades ao longo das rutas que atravesan os turistas para chegar ao seu destino. Isto é particularmente sorprendente dado que se entende que o desenvolvemento do turismo trae un cambio social substancial ás comunidades de acollida e que as percepcións das comunidades cara aos impactos do turismo deben ser de importancia para a planificación e xestión do turismo (Lee e Jan, 2019). A medida que o turismo de peregrinación continúa crescendo nun mundo globalizado, débese abordar unha análise máis detallada das percepcións da comunidade respecto diso (López, Pazos e Piñeiro, 2019; Martín e Morère-Molinero, 2019; Somoza e Lois, 2017).

Aínda que existe unha ampla literatura enfocada na perspectiva dos peregrinos, tal como a súa motivación, o seu comportamento, os patróns de viaxe ou os impactos no seu benestar persoal, entre outros (Amaro, Antunes e Henriques, 2018; Blom, Nilsson e Santos, 2016; Collins-Kreiner, 2018; Durán-Sánchez, Álvarez-García, del Río-Rama e Oliveira, 2018; Griffin e Raj, 2018; Kim, Yilmaz e Ahn, 2019; Ron e Timothy, 2018; Santos e López, 2017), non se tratou suficientemente a perspectiva dos residentes ao analizar as rutas de peregrinación (Progano, 2018).

Tendo en conta a brecha de investigación dada, o obxectivo deste traballo é realizar un estudo descritivo sobre as percepcións dos residentes nos impactos socioeconómicos da ruta de peregrinación coñecida como Camiño Primitivo e coutada ao tramo pertencente á Comunidade Autónoma de Asturias e incardinada dentro das diversas opcións para percorrer o Camiño de Santiago.

Para realizar a análise descritiva, elixíronse cinco cabeceiras dos sete municipios polos que transcorre o tramo asturiano do Camiño Primitivo. Non se considerou Oviedo por formar parte doutras rutas do Camiño de Santiago, como tampouco se considerou Las Regueras por ser un municipio de tránsito entre etapas. O criterio para a selección dos lugares onde realizar o estudo apoiouse en tres premisas. En primeiro lugar, as zonas consideradas experimentaron un importante desenvolvemento turístico nos últimos anos grazas aos seus emprazamentos nas rutas de peregrinaxe. En segundo lugar, o feito de que estes lugares non sexan o destino final da ruta de peregrinación expón a hipótese de que a percepción por parte dos residentes dos impactos do turismo de peregrinación poida diferir daquelas outras localidades –no noso caso, Santiago de Compostela– onde termina a peregrinación, que a miúdo teñen edificios relixiosos ou sitios que atraen un maior número de visitantes. Por tanto, ao enfocarse esta investigación en comunidades situadas nunha posición intermedia dentro do Camiño de Santiago e ao non ser a única opción senón unha alternativa coñecida como Camiño Primitivo, pódense obter novos datos que sexan valiosos tanto para os investigadores como para os responsables das políticas turísticas territoriais.

Por último, seleccionáronse dúas das cinco cabeceiras, atendendo previamente aos datos obtidos dunha análise descritiva de datos cuantitativos secundarios que sinalaban cambios máis acusados naquelas. A partir desta discriminación procedeuse, con posterioridade, a realizar unha análise descritiva de datos cuantitativos primarios obtidos a través dunha enquisa telefónica conforme a unha mostraxe aleatoria estratificada con afixación proporcional.

## 2. Achegamento ao ámbito de estudo: o Camiño Primitivo

O punto de partida da primeira ruta cultural en Europa, o Camiño de Santiago, atópase en Oviedo e foi iniciada da man do rei Afonso II o Casto, considerado o primeiro peregrino desde que no ano 834 chegase á localidade galega, alertado polo bispo Teodomiro do “descubrimento” da tumba do Apóstolo. O devandito “quilómetro 0” da Ruta Xacobeana supón o inicio do coñecido como Camiño Primitivo, que dous séculos máis tarde foi desprazado polo popular “Camiño Francés”.

O Camiño Primitivo goza do recoñecemento da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), desde o 5 de xullo de 2015, como Patrimonio Mundial xunto ao resto dos chamados “Camiños do Norte”. O Camiño Primitivo discorre por dúas comunidades autónomas de España: Asturias e Galicia. Na Figura 1 móstrase a evolución do número de peregrinos do Camiño

Primitivo que acoden a Compostela a partir dos datos facilitados pola Oficina de Acollida do Peregrino.




Figura 1. Evolución dos peregrinos no Camiño Primitivo (2004-2019). Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Oficina de Acollida do Peregrino (2004-2020).

No entanto, apréciase que o ritmo de crecemento se acelerou na última década. Tamén se observa que a porcentaxe de peregrinos que elixen o Camiño Primitivo é cada vez maior, seguindo unha tendencia ascendente. Por exemplo, no ano 2004 só o 2,71% dos peregrinos optaban por esta ruta, mentres que en 2019 ascende ao 4,42% (Oficina de Acollida do Peregrino, 2020). A peregrinación polo Camiño Primitivo non se viu freada por conxunturas económicas adversas como a Gran Crise de 2008, talvez por identificarse cun tipo de turismo accesible desde o punto de vista económico (Martín-Duque, 2017).

En canto á tempada que máis turistas concentra o Camiño Primitivo, destaca o verán (ver Figura 2): xuño (13,99%), xullo (16,34%) e agosto (22,67%), segundo os últimos datos dispoñibles do ano 2019 (Oficina de Acollida do Peregrino, 2020).




Figura 2. Evolución do número de peregrinos que realizaron o Camiño Primitivo en 2019. Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Oficina de Acollida do Peregrino (2020).

A crise económica e financeira que se produciu en España nos últimos anos e a pandemia da COVID-19 non parecen influír no Camiño de Santiago. Aínda que en termos absolutos o volume de camiñantes se reduciu drasticamente respecto ao mesmo período do ano pasado, en termos relativos o Camiño Primitivo segue unha liña ascendente. Esta tendencia de crecemento do número de peregrinos no Camiño Primitivo vese reforzada ao comparar os datos para o mes de xullo (ver Figura 3) desde 2004 a 2020. Esta comparación foi levada a cabo en xullo, xa que foi neste mes cando se reabriu o Camiño de Santiago despois do estado de alarma decretado por mor da COVID-19. En xullo de 2020, o 6,74% dos peregrinos optaron polo Camiño Primitivo para chegar a Santiago de Compostela, mentres que en 2019 foi do 4,81%, e en 2004 só o 1,49% optaban por esta ruta. No mes de xullo a maioría dos peregrinos foron españois. A obrigação de pasar corentena aos turistas doutros países e o medo a posibles contaxios pesou á hora de rexeitar percorrer o Camiño.




Figura 3. Evolución dos peregrinos no mes de xullo (2004-2020) Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Oficina de Acollida do Peregrino (2004-2020).

Con todo, estas cifras poderían incentivar iniciativas locais (Montes, 2015), pero un aumento continuo do número de camiñantes pode provocar unha excesiva *turistificación* da ruta (López, Pazos e Piñeiro, 2019; Martín-Duque, 2017) e unha degradación de recursos (Martín e Morère-Molinero, 2019). Esa posible masificación do itinerario e o consecuente empeoramento da experiencia das persoas que o transitan (Porcal Gonzalo, Díez Angulo e Íñiguez de Heredia, 2012) podería provocar unha mala percepción por parte dos habitantes das zonas polas que pasa a ruta (Progano, 2018).

A ruta xacobeá foi obxecto de atención por parte da Administración autonómica desde os anos noventa do pasado século, cando comezou o procedemento para garantir a protección xurídica das principais rutas xacobeas que pasaban por Asturias (Camiños Primitivo, Costeiro e do Salvador). Esa atención e protección materializouse en actuacións de acondicionamento e sinalización das diferentes rutas e no desenvolvemento dunha rede pública de albergues de peregrinos, á que se sumou a iniciativa privada.

O Camiño Primitivo, de Oviedo a Santiago, comprende un total de 319,4 km. A ruta atravesa por montañas, autoestradas, camiños reais, calzadas romanas e igrexas prerrománicas. Trátase dun Camiño dunha dureza importante, caracterizado por unha paisaxe agreste e de gran beleza, pero con subidas considerables como o porto de Palo, que en épocas chuviosas pode chegar a converterse nun lameiro, complicando máis aínda a travesía do peregrino. Percorre unha área da rexión con orografía complexa, con infraestruturas deficientes e un tanto apartada da zona central da comunidade autónoma. O Camiño Primitivo percorre o interior do suroeste asturiano. O itinerario iníciase en Oviedo e continúa polos concellos de Las Regueras, Grado, Salas, Tineo, Allande e Grandas de Salime (ver Figura 4).



Figura 4. Municipios polos que discorre o Camiño Primitivo en Asturias. Fonte: elaboración propia.

A diferenza do acontecido co Camiño Francés, o proceso de conformación do Camiño Primitivo foi máis lento e prolixo dada a inexistencia de descrições detalladas do seu itinerario. A tarefa de identificación e recuperación dos distintos camiños de Santiago arrinca formalmente en 1993, cando desde a Consejería de Cultura y Turismo do Goberno autonómico se desenvolve a elaboración dun estudo de recoñecemento e descripción das devanditas rutas para, posteriormente, proceder con investimentos á mellora das súas infraestruturas e sinalética ao longo de dúas décadas. A estreita colaboración entre as Administracións locais e autonómica garantiu o adecuado estado dos itinerarios.

A partir dos folletos turísticos elaborados polo Principado de Asturias, as etapas en terras asturianas pódense concretar en sete (ver Táboa 1), que permiten percorrer os 145,6 km que separan Oviedo do Alto del Acebo, que fai fronteira coa provincia de Lugo.

Táboa 1. Etapas e percorrido do Camiño Primitivo en Asturias

Etapa	Percorrido	Quilómetros	Municipios	Localidades
1	Oviedo - Grado	26	Oviedo, Las Regueras, Grado	Oviedo, Les Campes, Llompaxuga, Lloriana, Malpica, Gallegos, L'Escampleru, Valsera, Premoñu, Valdunu, Paladín, Puerma, Anzu, Peñaflor, Grado
2	Grado - Salas	21,9	Grado, Salas	Grado, Las Tiendas, La Llamiella, San Xuan, El Freisnu, Doriga, Casas del Puente, Cornellana, Llamas, Quintana, Casazorrina, Otero, Salas
3	Salas - Tineo	19,4	Salas, Tineo	Salas, Porciles, Bodenaya, La Espina, La Preda, L'Espín, Bedures, El Pedregal, Santolaya, Zarracín, Tineo
4	Tineo - Pola de Allande	27,9	Tineo, Allande	Tineo, Oubona, Vil.lal.luz, Vega de Rey, Verrugosu, Campiel.lu, El Freisnu, L'Espín, Bourres, San Brismu, La Mortera, Colinas d'Arriba, Porciles, Ferroy, Pola de Allande
5	Pola de Allande - Berducedo	17,4	Allande	Pola de Allande, El Mazo, Montefurado, Lago, Berducedo
6	Berducedo - Grandas de Salime	19,8	Allande, Grandas de Salime	Berducedo, La Mesa, Buspol, El Salto, Grandas de Salime
7	Grandas de Salime - Puerto del Acebo	13,2	Grandas de Salime	Grandas de Salime, A Farrapa, Cereixeira, Castro, Padraira, Xestoselo, Penafonte, Bustelo del Camín, Puerto del Acebo
	Total	145,6		

Fonte: elaboración propia a partir de Turismo de Asturias (<https://www.turismoasturias.es>).

O Camiño Primitivo continúa cara á provincia de Lugo, saíndo desde o Alto del Acebo e prolongándose con oito etapas máis ata culminar o seu percorrido na Catedral de Santiago de Compostela.

O Camiño Primitivo a Santiago de Compostela abarca unha variedade de aloxamentos que se distribúen en hoteis de 1 ata 5 estrelas, albergues públicos e privados, pensións, apartamentos e casas rurais. En canto aos albergues para peregrinos, hainos públicos e privados. Na actualidade contabilizouse un total de 51 establecementos, que ofertan no seu conxunto 859 camas ao longo de toda a ruta por Asturias (Albergues do Camiño de Santiago, 2020), e que se mostran na Táboa 2. Os primeiros albergues de peregrinos abríronse na década dos anos noventa do pasado século, froito da cooperación entre o Goberno do Principado de Asturias e os diferentes concellos vinculados ao Camiño. Tratouse de situar os devanditos albergues en certos núcleos historicamente vinculados ao paso de peregrinos, sendo neste sentido moi simbólica a creación dun destes centros en Bourres (Tineo), a mesma vila na que está documentada a aparición do primeiro hospital de peregrinos de todo o Camiño de Santiago, no ano 867 (Goberno do Principado de Asturias [GPA], 2016).

Táboa 2. Albergues do Camiño Primitivo en Asturias

Etapa	Percorrido	Albergue	Localidade	Capacidade (prazas)	Custo	Apertura	Titularidade	Ano de apertura
1	Oviedo - Grado	Albergue Villa Cecilia	Oviedo	12	10 € liteira 15 € cama	Todo o ano	Privado	2011
		Albergue de peregrinos de El Salvador	Oviedo	50	6 €	Todo o ano	Municipal	2015
		Albergue turístico La Peregrina	Oviedo	24	20 €	Todo o ano	Privado	2018
		Albergue de peregrinos de L'Escampleru	L'Escampleru (Las Regueras)	33	5 €	Todo o ano	Municipal	1996
		Albergue de peregrinos de San Juan de Villapañada	San Juan de Villapañada (Grado)	22	5 €	Todo o ano	Municipal	1994
		Albergue de peregrinos Villa de Grado	Grado	16	Donativo	1 marzo a 31 outubro	Municipal	2016
		Albergue La Quintana	Grado	33	15 € liteira 45 € cama	1 marzo a 31 outubro	Privado	2018
2	Grado - Salas	Albergue de peregrinos de Cabruñana	Alto de Cabruñana (Grado)	15	5 €	Todo o ano	Municipal	2010
		Albergue de peregrinos Casita Mandala	San Marcelo (Salas)	10	Donativo	1 abril a 15 outubro	Privado	2019
		Albergue de peregrinos de Cornellana	Cornellana (Salas)	26	5 €	Todo o ano	Municipal	2001
		Albergue La Figal de Xugabolos	Casazorrina (Salas)	30	25 € liteira 70 € cuarto dobre	1 abril a 30 novembro	Privado	2019
		Albergue municipal de peregrinos de Salas	Salas	16	5 €	Todo o ano	Municipal	2010
		Albergue El Rey Casto	Salas	20	10 €	Semana Santa a 31 outubro	Privado	2017
		Albergue La Campa	Salas	35	10 € liteira 35 € cuartos privados	15 marzo a 31 outubro	Privado	2012
		Albergue Casa Sueño	Salas	14	13 €	Todo o ano	Privado	2019
Albergue Turístico Valle del Nonaya	Salas	26	12 € liteira 25 € cuarto individual 35 € cuarto dobre	Todo o ano	Privado	2017		

Táboa 2 (continuación). Albergues do Camiño Primitivo en Asturias

Etapa	Percorrido	Albergue	Localidade	Capacidade (prazas)	Custo	Apertura	Titularidade	Ano de apertura
3	Salas - Tineo	Albergue de peregrinos de Bodenaya	Bodenaya (Salas)	18	Donativo	1 febreiro a 30 novembro	Privado	2007
		Albergue El Texu	La Espina (Salas)	24	10 € liteira 25 € cuartos privados	1 marzo a 31 outubro	Privado	2014
		Albergue de peregrinos El Cruce	La Espina (Salas)	12	Donativo	Todo o ano	Privado	2013
		Albergue de peregrinos Casa Aladino	La Espina (Salas)	18	10 €	Todo o ano	Privado	2018
		Albergue de peregrinos Mater Christi	Tineo	30	5 €	Todo o ano	Municipal	1993
		Albergue Palacio de Merás	Tineo	54	18 €	Todo o ano	Privado	2015
4	Tineo - Pola de Allande	Albergue Casa Ricardo	Campiel.lu (Tineo)	30	10 € liteira 35 € cuartos privados	Todo o ano	Privado	2015
		Albergue Casa Herminia	Campiel.lu (Tineo)	38	11 € liteira 55 € cuartos privados	Todo o ano	Privado	2010
		Albergue de peregrinos Santa María	Borres (Tineo)	21	5 €	Todo o ano	Municipal	2016
		Albergue La Montera	Borres (Tineo)	10	12 €	1 abril a 31 outubro	Privado	2019
		Albergue de peregrinos de Samblismo	Samblismo (Tineo)	14	22 € liteira 60 € cuartos privados	9 abril a 15 outubro	Privado	2018
		Albergue de peregrinos de Pola de Allande	Pola de Allande	24	5 €	Todo o ano	Municipal	2007
5	Pola de Allande - Berducedo	Albergue de peregrinos de Peñaseita	Peñaseita (Allande)	12	5 €	Todo o ano	Municipal	2009
		Albergue de peregrinos municipal de Berducedo	Berducedo (Allande)	12	5 €	Todo o ano	Municipal	2007
		Albergue Camino Primitivo	Berducedo (Allande)	19	12 €	15 marzo a 15 novembro	Privado	2016
		Albergue Casa Marqués	Berducedo (Allande)	16	10 € liteira 30 € cuartos privados	Todo o ano	Privado	2017
		Albergue Camfín Antigo	Berducedo (Allande)	24	15 € liteira 60 € cuartos privados	Todo o ano	Privado	2009
6	Berducedo - Grandas de Salime	Albergue de peregrinos de La Mesa	La Mesa (Grandas de Salime)	16	5 €	Todo o ano	Municipal	2007
		Albergue Miguelín	La Mesa (Grandas de Salime)	28	12 € liteira 35 € cuartos privados	Todo o ano	Privado	2017
		Albergue de peregrinos de Grandas de Salime	Grandas de Salime	25	5 €	Todo o ano	Municipal	2011
		Albergue Casa Sánchez	Grandas de Salime	16	12 €	Semana Santa a outubro	Privado	2016
9	Grandas de Salime - Puerto del Acebo	Albergue juvenil de Castro	Castro (Grandas de Salime)	16	11 €	1 marzo a 31 xaneiro	Privado	1990

Fonte: elaboración propia a partir de Albergues do Camiño de Santiago (2020).



O número de peregrinos non para de crecer no Camiño Primitivo, e son moitos os días, especialmente no verán, nos que os albergues de titularidade pública asturianos enchen as súas prazas e os peregrinos han de buscar outras alternativas para pasar a noite. Este auxe que está a vivir a ruta primitiva fixo que vaia a máis a aparición de albergues de titularidade privada (ver Táboa 3).

Táboa 3. Evolución dos albergues de titularidade pública e privada

Ano	Albergues de titularidade pública						Albergues de titularidade privada						Total
	Allande	Grado	Grandas de Salime	Las Regueras	Salas	Tineo	Allande	Grado	Grandas de Salime	Las Regueras	Salas	Tineo	
1990									1				1
1991													
1992													
1993						1							1
1994		1											1
1995													
1996				1									1
1997													
1998													
1999													
2000													
2001					1								1
2002													
2003													
2004													
2005													
2006													
2007	2		1							1			4
2008													
2009	1						1						2
2010		1			1							1	3
2011			1										1
2012										1			1
2013										1			1
2014										1			1
2015						1						2	3
2016		1					1		1				3
2017							1		1	2			4
2018								1		1	1		3
2019										3	1		4
TOTAL	3	3	2	1	2	2	3	1	3	10	5		35

Fonte: elaboración propia a partir dos datos da Consejería de Cultura y Turismo do Principado de Asturias (1990-2019).

As terras asturianas polas que discorre o Camiño Primitivo manteñen a súa vinculación coas actividades agrícolas e gandeiras, conservando en boa medida a contorna das súas vilas e das súas aldeas.

Os datos de peregrinos que abordan o trazado primitivo resultan alentadores. No entanto, algúns estudos sobre os impactos turísticos na ruta do Camiño Francés, xunto á aparición dalgunhas voces discrepantes sobre como se está levando a cabo a xestión dos fluxos de persoas que percorren o Camiño, xeran unha certa inquietude, cando non incerteza, sobre os beneficios deste exponencial aumento do fluxo de visitantes (Martín-Duque, 2017).

Os estudos existentes sobre o Camiño Francés sinalan o seu limitado impacto económico nos municipios polos que transcorre debido, principalmente, ao reducido gasto medio rexistrado por peregrino e día (ao redor dos 30 €). Ao tempo, sinalan que o Camiño Francés non modificou de maneira significativa a estrutura demográfica dos seus municipios (Santos, 2006), nin a dinámica poboacional das pequenas localidades que o compoñen (Precedo, Revilla e Míguez, 2007), nin o seu desenvolvemento social (Andrade, Leira e Caramés, 2010). Con todo, si se detecta certo desenvolvemento nas cidades ca-

beceiras de comarca e na cidade de Santiago (Precedo et al., 2007). En cambio, se se teñen en conta os estudos realizados nos anos nos que máis se concentra a demanda (xacobeos), rexístranse cifras máis alentadoras que, xunto a un incremento importante de peregrinos, pon de manifesto un destacado aumento do gasto medio por turista (Ulloa e Ruiz, 2010).

Malia que a literatura académica puxo o foco no Camiño Francés, moita menos atención recibiu o Camiño Primitivo, o que nos leva a indagar tanto en fontes primarias coma en secundarias para comprender os impactos económicos e sociais da ruta sobre os municipios asturianos que atravesara.

### 3. Camiño Primitivo en Asturias: principais indicadores dos municipios analizados

Debido á natureza exploratoria desta investigación, considerouse o uso da análise descritiva de datos cuantitativos tanto primarios coma secundarios, adaptando as ferramentas de análise empregadas en cada caso ao contexto actual de pandemia que impide, por exemplo, a posibilidade de acceso directo aos municipios do Camiño Primitivo como consecuencia do peche perimetral e elimina a posibilidade dun traballo de campo con contacto directo sobre os axentes sociais implicados no obxecto de estudo. Con todo, para superar estas limitacións, no desenvolvemento desta investigación optouse polo uso das enquisas telefónicas como fonte primaria e pola información dispoñible obtida dos organismos e institucións oficiais que a elaboran como fonte secundaria.

Para a selección dos municipios que se atopan no Camiño Primitivo tivéronse en conta os seguintes criterios: a) que non conflúan no seu termo municipal varias rutas do Camiño de Santiago e b) que no seu termo municipal radique un principio ou un fin de etapa. A partir das anteriores consideracións, só se analizarán cuantitativamente cinco municipios dos sete polos que transcorre o Camiño Primitivo: Allande, Grado, Grandas de Salime, Salas e Tineo.

A seguir, analízanse as seguintes variables a partir das diversas fontes secundarias consultadas: a poboación, o mercado de traballo e a evolución do número de establecementos hoteleiros.

#### 3.1. Evolución da poboación

Segundo os datos dispoñibles no Instituto Nacional de Estatística (INE, 2020), a poboación na área de estudo (Allande, Grado, Grandas de Salime, Salas e Tineo) é duns 26.232 habitantes, uns 383 menos que en 1919. Toda a zona de análise vén experimentando un decrecemento da poboación durante os últimos anos, tal e como se aprecia na Figura 5.




Figura 5. Evolución da poboación (1990-2020). Fonte: elaboración propia a partir dos datos do INE (1990-2020).

En termos xerais, a poboación asturiana caracterízase por un estancamento no seu crecemento desde 1990. Desde entón non parou de descender. Todo isto se pode explicar polos seguintes factores demográficos: a) Asturias posúe a taxa de mortalidade máis alta de España (12,64 por mil) e a taxa de natalidade máis baixa (5,05 por mil), polo que ten o menor saldo vexetativo: -7,59 por mil (INE, 2020); b) a poboación asturiana emigra cara a outras comunidades autónomas; e c) a poboación abandona as zonas occidental e oriental e concéntrase no centro da rexión. Así, as cidades grandes manteñen e aumentan a súa poboación, mentres que as “ás” ven, ano tras ano, como descende.

Os concellos estudados presentan crecementos vexetativos negativos. O número de defuncións é máis alto que a natalidade. Tal e como se mostra na Táboa 4, os concellos polos que discorre o Camiño Primitivo levan moitos anos en crise demográfica. Sirva de exemplo que no período 1990-2020 Allande perdeu o 49,32% da súa poboación e Grandas de Salime, o 49,5%. Pola súa banda, o número de defuncións segue en aumento como consecuencia do envellecemento da poboación, e a idade media da poboación excede os 50 anos.

Táboa 4. Indicadores poboacionais

	Allande	Grado	Grandas de Salime	Salas	Tineo
Superficie (km <sup>2</sup> )	342,24	216,71	111,63	227,11	540,83
Poboación a 1 de xaneiro de 2020	1.615	9.703	815	4.900	9.199
Densidade de poboación (hab./km <sup>2</sup> )	4,72	44,77	7,30	21,58	17,01
Idade media da poboación	55,20	49,28	54,55	52,93	51,57
Saldo vexetativo	-28	-89	-23	-87	-141

Fonte: elaboración propia a partir dos datos do INE (2020).

A realidade é que a área occidental de Asturias experimenta unha dinámica poboacional negativa e o Camiño Primitivo parece que non é suficiente para inverter a tendencia decrecente da poboación nos lugares por onde pasa. Os datos do Padrón Municipal de Habitantes mostran que as cifras de veciños dos municipios do Camiño Primitivo minguaron a pesar do aumento de peregrinos.

### 3.2. Evolución do mercado de traballo

En 1990 os concellos analizados xeraban maiormente o emprego na agricultura e na gandaría. Con todo, a partir dese momento, a agricultura e a gandaría decaen, mentres que os servizos comezan a acaparar todo o protagonismo da actividade e do mercado de traballo nestes concellos, sendo na última década onde se evidencia un maior número de empregos xerados neste sector, por riba da industria e mais da construción.

A Figura 6 constata con claridade o avance imparabile dos servizos e o afundimento da agricultura e, en menor grao, da industria; a construción mantense polo pulo da creación de novas infraestruturas, privadas e públicas, vinculadas de forma directa e indirecta aos servizos relacionados principalmente co turismo.

A Figura 7 recolle os datos relativos ao desemprego para os distintos municipios obxecto de estudo.

A evolución do paro nos cinco municipios analizados mostra un comportamento similar, en liñas xerais: estabilidade relativa antes da Gran Crise, ascenso durante a Gran Crise e descenso tras esta, cunha tímida repunta nos anos 2019 e 2020 con motivo da aparición da pandemia da COVID-19. Os dous municipios máis estables nas súas cifras de desemprego son Allande e Grandas. En termos relativos, o desemprego móvese en torno ao 8% e ao 19%, respectivamente, en ambos os municipios, mentres que nos restantes oscila entre o 10% e o 14%. Un dos posibles factores que explique estas diferenzas nas cifras de desemprego pode atoparse en que Grado, Salas e Tineo adoitan ser localidades de acollida dunha poboación que traballa noutros municipios, actuando neses casos realmente como ci-

dades dormitorio. Dese modo, o impacto do cesamento de actividades ou as regulacións de emprego noutros municipios impactan indirectamente nas súas propias cifras, algo que non ocorre en Allande nin en Grandas de Salime, onde hai un menor volume de poboación vinculada laboralmente fóra do propio municipio de residencia.




Figura 6. Evolución do emprego segundo sector (1990-2019). Fonte: elaboración propia a partir de SADEI.




Figura 7. Evolución do paro rexistrado (2002-2020). Fonte: elaboración propia a partir de SADEI.

### 3.3. Evolución da hostalaría

Unha variable *proxy* do impacto que a actividade turística en xeral, e o Camiño Primitivo en particular, pode ter sobre os municipios estudados é a relativa á evolución do número de establecementos hostaleiros por cada 1.000 habitantes. A Figura 8 constata a tendencia crecente deste tipo de negocios en todos os municipios considerados, o que, unido a un saldo vexetativo negativo en todos eles, reforza a idea de que a hostalaría se orienta cada vez máis ao visitante do que ao residente.

A partir da análise descritiva realizada, seleccionáronse dúas das cinco cabeceiras para o estudo. Optouse por aqueles concellos máis afastados da zona central, que máis dependen para a súa subsistencia da xeración de recursos propios e nos que a actividade agrícola e gandeira está a ser substituída paulatinamente polo sector servizos.

A partir destes criterios, seleccionáronse os municipios de Allande e Grandas de Salime para realizar unha análise descritiva de datos primarios obtidos a través das enquisas telefónicas realizadas conforme a unha mostraxe aleatoria estratificada con afixación proporcional, partindo da clasificación dos residentes en catro tipos conforme á formulación clásica realizada por Krippendorff (1987).




Figura 8. Evolución do número de establecementos hostaleiros por cada 1000 habitantes. Fonte: elaboración propia a partir do SADEI.




Figura 8 (continuación). Evolución do número de establecementos hostaleiros por cada 1000 habitantes. Fonte: elaboración propia a partir do SADEI.

#### 4. Estudo empírico: metodoloxía e descrición dos datos

Este estudo apóiase na tipoloxía clásica de catro tipos de residentes, segundo a súa dependencia económica, formulada por Krippendorf (1987), e xa empregada en investigacións cualitativas sobre as percepcións dos anfitrións sobre os impactos socioculturais (Brunt e Courtney, 1999).

Krippendorf (1987) clasifica os membros da comunidade en catro tipos. O tipo 1 está formado por aldeáns que teñen un contacto constante cos visitantes e dependen do turismo, que adoitan traballar en áreas como a restauración, o transporte, as axencias de viaxes, as tendas ou o aloxamento. O tipo 2 inclúe os aldeáns que posúen negocios que non están relacionados co turismo, como a industria da construción ou os axentes inmobiliarios, e que tenden a ver o turismo como un asunto principalmente comercial. O tipo 3 son os aldeáns que, aínda que só dependen parcialmente do turismo, teñen contacto frecuente cos visitantes, e adoitan residir preto ou dentro de zonas turísticas; este grupo pode ver algúns dos beneficios derivados do turismo, pero tamén é máis crítico coas súas desvantaxes. Finalmente, o tipo 4 está formado por aldeáns que teñen pouco ou ningún contacto cos turistas.

Para desenvolver a análise descritiva dos datos cuantitativos primarios partiuse do traballo clásico de Krippendorf (1987) co fin de organizar as entrevistas telefónicas. Na Táboa 5 defínense as catro categorías de residentes en función directa da súa dependencia económica da actividade turística xeral e que serán as consideradas para os efectos desta investigación.

Na Táboa 6 especificáanse as características da enquisa telefónica realizada entre os residentes de Allande e de Grandas de Salime durante o mes de novembro e a primeira semana de decembro de 2020. Realizouse unha mostraxe aleatoria estratificada con afixación proporcional, tomando como universo a poboación ocupada residente nos municipios considerados. O total de enquisas realizadas foron 100: en Allande 52 e 48 en Grandas de Salime.

Na Táboa 7 recóllese o número de enquisados telefonicamente, clasificados por tipo e residencia.

Táboa 5. Indicadores poboacionais

Categoría	Descrición
A	Máxima dependencia do turismo en xeral e do Camiño Primitivo en particular. Exemplos de actividades: restauración, aloxamento, comercio (agasallos, artesanía, etc.), transporte, axencias receptoras ou guías turísticos, entre outras.
B	Dependencia relativa do turismo en xeral e do Camiño Primitivo en particular. Exemplos de actividades: comercio (calzado, roupa, alimentación, etc.), farmacias, parafarmacias, servizos de construción, reformas ou mantemento (fontanaría, electricidade...), entre outras.
C	Escasa dependencia do turismo en xeral e do Camiño Primitivo en particular. Exemplos de actividades: comercio orientado a darlle servizo á poboación local fundamentalmente, sendo a súa clientela, principalmente, residentes da localidade (ferraxarías, tendas de electrodomésticos, etc.).
D	Nula dependencia do turismo en xeral e do Camiño Primitivo en particular. Exemplos de actividades: todas aquelas desenvolvidas fóra do lugar de residencia, actividades extractivas, agrícolas ou gandeiras, entre outras.

Fonte: elaboración propia.

Táboa 6. Ficha técnica da enquisa

Característica	Especificación
Universo	Poboación ocupada residente no municipio segundo o padrón
Ámbito xeográfico	Municipios de Allande e Grandas de Salime
Tamaño poboacional	1.116 Allande 781 Grandas de Salime 335
Tamaño mostral	100 Allande 52 Grandas de Salime 48
Nivel de confianza	95%
Erro mostral	Allande 13,14% Grandas de Salime 13,11%
Tipo de mostraxe	Mostraxe aleatoria estratificada
Tipo de afixación	Proporcional
Tipo de enquisa	Persoal vía telefónica
Datas de realización	Durante o mes de novembro e a primeira semana de decembro de 2020.

Fonte: elaboración propia.

Táboa 7. Ficha técnica da enquisa

Cabeceira	Enquisados tipo A	Enquisados tipo B	Enquisados tipo C	Enquisados tipo D	Total
Allande	15	9	5	23	52
Grandas de Salime	21	5	5	17	48
Total	36	14	10	40	100

Fonte: elaboración propia.

No Anexo 1 recóllense as principais preguntas realizadas –abertas e pechadas– para levar a cabo a posterior análise.

#### 4.1. Allande

En Allande, hai un consenso xeral maioritario (94,23%) por parte dos entrevistados das catro categorías que sinala sen ambigüidade que o Camiño Primitivo mellorou significativamente os ingresos da localidade e que a dita mellora se estendeu a unha gran parte da poboación local. Menos claro é o consenso sobre os efectos de derrama (*spillover effects*) en localidades limítrofes: as respostas dos entrevistados das categorías A e B apuntan cara á existencia de impactos positivos sobre as localidades limítrofes, pero as respostas obtidas dos entrevistados das categorías C e D non ven ese efecto de derrama positivo ou non saben darlle resposta á cuestión.

En canto á mellora, directa ou indirecta, dos ingresos persoais dos entrevistados por efecto do Camiño Primitivo, atópase unha valoración xeral afirmativa, especialmente sinalada nas categorías A e B e parcialmente indicada na categoría C.

As actividades locais que se perciben como máis beneficiadas polo Camiño Primitivo son claramente as de hostalaría e restauración. Con todo, aparecen diferenzas de opinión en canto a outros sectores de actividade: mentres que os entrevistados das categorías A e B sinalan claramente o comercio polo miúdo como un beneficiado máis ou menos directo do Camiño Primitivo, as categorías C e D non reflicten con tanta evidencia este resultado.

Outro dos consensos evidenciados polas entrevistas telefónicas (84,61%) foi o relativo ao mercado de traballo, atopando un lugar común na idea de que o Camiño Primitivo foi, efectivamente, un impulsor do emprego local.

O efecto de atracción de novos visitantes (turistas e excursionistas), máis alá dos propios peregrinos, é percibido lixeiramente polos entrevistados das categorías A, B e C e apenas indicado polos entrevistados da categoría D (ver Figura 9).

En liñas xerais, todas as categorías (88,46%) recoñeceron a aparición de novas actividades comerciais locais ao abeiro do Camiño Primitivo, entre as que se identifican novos negocios de restauración e hostalaría e o comercio polo miúdo relacionado coa artesanía e cos agasallos.

Non hai unha percepción por parte das catro categorías entrevistadas (98,07%) de que a raíz do Camiño Primitivo se xerasen impactos negativos sobre outras actividades económicas e comerciais na localidade, polo que non se sinalan de modo específico actividades prexudicadas.

A maioría dos entrevistados das catro categorías (98,07%) non dubidan de que o Camiño Primitivo impulsou o desenvolvemento de infraestruturas e servizos, tanto públicos como privados, especialmente no relativo á mellora das comunicacións físicas (estradas e vías peonís, principalmente) e da sinalética. No entanto, en ningunha das catro categorías se observa que recoñezan a existencia de mellores nos servizos de saúde.

Hai unha escasa percepción positiva (9,6%) en canto a que o Camiño Primitivo puidese servir de pretexto para desenvolver melloras no transporte. Nas catro categorías percíbese maioritariamente esa sensación de certo esquecemento, cando non de abandono. Non obstante, hai unha certa valora-



ción positiva (82,69%) atribuída ao Camiño Primitivo sobre a mellora das telecomunicacións (ver Figura 10).

Polo que respecta ao incremento de actividades culturais e á protección do patrimonio local, non se percibe un consenso claro en ningunha das categorías sobre un impacto positivo do Camiño Primitivo nas mencionadas actividades (50%), e claramente non se identifican comportamentos incívicos dos peregrinos ou doutros visitantes que prexudiquen a comunidade local (96,87%).




Figura 9. Percepción dos impactos económicos en Allande. Fonte: elaboración propia.




Figura 10. Percepción dos impactos sociais en Allande. Fonte: elaboración propia.

#### 4.2. Grandas de Salime

En Grandas de Salime, do mesmo xeito que no caso de Allande, hai unha percepción xeneralizada (81,25%) de que o Camiño Primitivo foi un factor de influencia positiva nos ingresos da localidade da que se beneficiou boa parte da poboación local, así como das localidades limítrofes, sendo os entrevistados das categorías A, B e C os que perciben, sen marxe de dúbida, a mellora nos seus ingresos persoais (ver Figura 11).

En todas as categorías (97,91%) se indican como principais beneficiarias do Camiño Primitivo as actividades hostaleiras, de restauración e comercio en xeral, pero non se percibe claramente un aumento no emprego local (81,25%).

Todas as categorías (91,66%) apuntan certo efecto de atracción de visitantes, pero non perciben impactos significativos no tecido económico e comercial da localidade en termos de novas actividades (87,5%).

De modo análogo ao estudado no caso de Allande, en Grandas de Salime tampouco non se perciben impactos negativos sobre outras actividades económicas e comerciais derivadas do Camiño Primitivo, polo que tampouco se indican prexuízos concretos (97,71%).

Unha boa parte dos entrevistados das catro categorías (81,25%) indican non percibir melloras no desenvolvemento das infraestruturas relacionadas con servizos públicos ou privados (ver Figura 12) nin tampouco detectan melloras nas comunicacións terrestres (87,50%) nin nas telecomunicacións (77,08%).

Finalmente, os entrevistados das catro categorías perciben un impacto moi limitado ou nulo do Camiño Primitivo sobre as actividades culturais e a protección do patrimonio local (87,50%).




Figura 11. Percepción dos impactos económicos en Grandas de Salime. Fonte: elaboración propia.




Figura 12. Percepción dos impactos sociais en Grandas de Salime. Fonte: elaboración propia.

## 5. Discusión de resultados

En primeiro lugar, da análise descritiva efectuada dedúcese que o Camiño Primitivo pode ser un punto de partida para a revitalización dos municipios estudados (Lee e Jan, 2019). De feito, este traballo constata un recoñecemento de melloras económicas nas localidades polas que pasa o Camiño Primitivo, pero que non acaban de materializarse nun incremento significativo do emprego ou nun desenvolvemento do sector servizos, coa aparición de novas actividades comerciais, que impulse un cambio acelerado do tecido económico local.

En segundo lugar, aínda que o incremento de peregrinos podería incentivar iniciativas locais (Montes, 2015), as evidencias das análises efectuadas non parecen apuntar nesa dirección. Tampouco parece que as localidades vinculadas ao Camiño Primitivo se vexan afectadas negativamente por unha excesiva turistificación da ruta, como apuntarían algúns autores (López, Pazos e Piñeiro, 2019; Martín-Duque, 2017), e por unha degradación de recursos (Martín e Morère-Molinero, 2019). Máis ben, ocorre o contrario: a dureza do Camiño Primitivo e a popularidade doutras rutas estarían a amortecer esa situación, ao que hai que engadir, neste momento, o efecto desincentivador da pandemia da COVID-19.

En terceiro lugar, cando se produce esa masificación ou excesiva turistificación é cando se comeza a percibir polos residentes unha recepción negativa dos efectos derivados dun recurso turístico desta natureza (Progano, 2018). Con todo, a inexistencia desta sobrecarga da capacidade da ruta mantivo unha visión moi positiva do Camiño Primitivo e da súa relación coas localidades polas que transita.

En cuarto lugar, das análises desenvolvidas neste estudo infírese que o Camiño Primitivo ten un impacto relativamente limitado sobre os municipios polos que pasa, de modo análogo ao que ocorre no Camiño Francés (Martín-Duque, 2017).

Finalmente, en quinto lugar, esta investigación non detectou que o Camiño Primitivo catalizara cambios significativos nin na estrutura demográfica dos municipios estudados nin nas dinámicas pobacionais dos lugares que os conforman, nin no seu desenvolvemento social, do mesmo xeito que ocorre co Camiño Francés (Andrade et al., 2010; Precedo et al., 2007; Santos, 2006).

## 6. Conclusións

Do estudo descritivo efectuado neste traballo pódense alcanzar algunhas conclusións que permiten facer unha tentativa de valoración sobre os impactos económicos e sociais do Camiño Primitivo no seu paso por Asturias. Con todo, hai que recoñecer que a aproximación aos devanditos impactos realizada neste estudo se viu limitada polos peches perimetrais derivados da pandemia da COVID-19. Isto supuxo: a) optar pola entrevista persoal vía telefónica en lugar de realizar as entrevistas persoais sobre o terreo e b) limitar o número de entrevistas, focalizando o traballo en tan só dous dos cincos municipios de referencia.

En primeiro lugar, neste momento os impactos económicos do Camiño Primitivo, aínda que positivos, son moi modestos e circunscríbense ao espazo sectorial da hostalaría e do aloxamento. Máis alá dun relativo incremento de bares, restaurantes e albergues, tanto de titularidade pública como privada, non se detectaron outros cambios nas estruturas das actividades económicas locais.

En segundo lugar, o Camiño Primitivo parece integrarse positivamente nas realidades das localidades estudadas. De feito, a non masificación do Camiño fai que sexa moi ben percibido polos residentes locais.

En terceiro lugar, a presenza do Camiño Primitivo non foi unha escusa suficiente para afrontar melloras estruturais que fosen máis aló da propia ruta.

Finalmente, en cuarto lugar, o Camiño Primitivo tampouco foi un catalizador para fixar poboación nas localidades estudadas. Así e todo, dadas as baixas taxas de desemprego das localidades analizadas, podería considerarse que unha boa xestión e promoción do Camiño Primitivo puidese, no futuro, re-

verter a situación de saldo vexetativo negativo a través de novas oportunidades de emprendemento e traballo directa ou indirectamente vinculadas á ruta xacobeá. Todo dependerá da duración e dos efectos colaterais da pandemia da COVID-19 e da vontade dos *policy makers* para realizar unha aposta por estas zonas eminentemente rurais, sabendo potenciar a súa modernización e desenvolvemento a través da dotación de infraestruturas, sen esquecer a dixitalización e sen que iso supoña perder nin o seu ecosistema ambiental nin a súa esencia fundamental ancorada nunha historia e tradicións que poderían actuar como pancas de desenvolvemento do potencial endógeno das devanditas localidades.

## Anexo 1. Principais cuestións expostas nas enquisas realizadas

### BLOQUE I PERCEPCIÓN DE IMPACTO ECONÓMICO

Pregunta	Tipo
1. Considera que o Camiño Primitivo mellorou os ingresos da localidade? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> NS/NC	Pechada
2. Desde o seu punto de vista, o Camiño Primitivo beneficia economicamente a: <input type="checkbox"/> Unha pequena parte da poboación local <input type="checkbox"/> Unha gran parte da poboación local <input type="checkbox"/> NS/NC	Pechada
3. Considera que o beneficio económico do Camiño Primitivo se estendeu máis aló da súa propia localidade de residencia, afectando de maneira positiva a localidades limítrofes? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> NS/NC	Pechada
4. Considera que o Camiño Primitivo mellorou, directa ou indirectamente, os seus ingresos en particular? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> NS/NC	Pechada
5. Que actividades locais considera que se benefician máis do Camiño Primitivo? <input type="text"/>	Aberta
6. Considera que o Camiño Primitivo impulsou un aumento do emprego? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> NS/NC	Pechada
7. Considera que o Camiño Primitivo, xunto aos peregrinos, atraeu máis visitantes á localidade? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> NS/NC	Pechada
8. Xurdiron novas actividades comerciais na localidade, directa ou indirectamente relacionadas co Camiño Primitivo? <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> NS/NC	Pechada
9. Podería sinalar algunhas actividades comerciais novas xurdidas a raíz do Camiño Primitivo? <input type="text"/>	Aberta

10. Considera que o Camiño Primitivo puido afectar ou influír negativamente nalgunha ou nalgunhas actividades económicas ou comerciais da localidade? Pechada

- Si  
 Non  
 NS/NC

11. Se respondeu afirmativamente á cuestión anterior, considera que ese impacto negativo afecta a: Pechada

- Unha pequena parte da poboación local  
 Unha gran parte da poboación local  
 NS/NC

12. Podería indicar algunhas actividades económicas ou comerciais que se puideron ver prexudicadas polo Camiño Primitivo? Aberta

## BLOQUE II IMPACTO SOCIAL

### Pregunta

1. Considera que o Camiño Primitivo impulsou o desenvolvemento de infraestruturas e servizos tanto públicos como privados? Tipo Pechada

- Si  
 Non  
 NS/NC

2. Se respondeu positivamente á cuestión anterior, indique algúns exemplos de infraestruturas e servizos que se viron mellorados na localidade. Aberta

3. Considera que melloraron os servizos de saúde? Pechada

- Si  
 Non  
 NS/NC

4. Considera que melloraron os servizos de transporte? Pechada

- Si  
 Non  
 NS/NC

5. Considera que melloraron os servizos de telecomunicacións (por exemplo, telefonía ou Internet)? Pechada

- Si  
 Non  
 NS/NC

6. Considera que hai máis actividades culturais e de lecer? Pechada

- Si  
 Non  
 NS/NC

7. Considera que hai unha maior atención polo patrimonio cultural da localidade en termos de mantemento e protección? Pechada

- Si  
 Non  
 NS/NC

8. Considera que o contacto dos aldeáns con outras culturas traídas polos peregrinos e visitantes favoreceu ou prexudicou á sociedade local en termos de convivencia? Pechada

- Favorecido  
 Prexudicado  
 NS/NC

9. Se respondeu negativamente á cuestión anterior, indique algúns exemplos de tales prexuízos. Aberta

Fonte: elaboración propia.

## Bibliografía

- Albergues del Camino de Santiago. (2020). *El Camino de Santiago Primitivo. Albergues y otros alojamientos del Camino Primitivo*. Recuperado de: <https://www.alberguescaminosantiago.com/camino-primitivo/>
- Albert, M. (2020). Spiritual tourism: Journey into the heart of the earth. *Journal of Tourism and Leisure Studies*, 4(2), 23-33. DOI: <https://doi.org/10.18848/2470-9336/CGP/v04i02/23-33>
- Amaro, S., Antunes, A., e Henriques, C. (2018). A closer look at Santiago de Compostela's pilgrims through the lens of motivations. *Tourism Management*, 64, 271-280. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.tourman.2017.09.007>
- Andrade, M. J., Leira, G., e Caramés, R. (2010). El turismo como factor estratégico de desarrollo rural: el Camino de Santiago Francés. *Rotur-Revista de Ocio y Turismo*, 3, 49-82.  
 Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3610323>
- Blom, T., Nilsson, M., e Santos, X. (2016). The way to Santiago beyond Santiago. Fistera and the pilgrimage's post-secular meaning. *European Journal of Tourism Research*, 12, 133-146.  
 Recuperado de: <https://ejtr.vumk.eu/index.php/about/article/view/217/220>
- Brunt, P., e Courtney, P. (1999). Host perceptions of sociocultural impacts. *Annals of Tourism Research*, 26(3), 493-515. DOI: [https://doi.org/10.1016/S0160-7383\(99\)00003-1](https://doi.org/10.1016/S0160-7383(99)00003-1)
- Castro Fernández, B. M., Lois González, R. C., e López, L. (2016). Historic city, tourism performance and development: The balance of social behaviours in the city of Santiago de Compostela (Spain). *Tourism and Hospitality Research*, 16(3), 282-293. DOI: <https://doi.org/10.1177/1467358415578473>
- Collins-Kreiner, N. (2018). Pilgrimage-tourism: Common themes in different religions. *International Journal of Religious Tourism and Pilgrimage*, 6(1), 8-17. DOI: <https://doi.org/10.21427/D73428>
- Consejería de Cultura y Turismo. (1990-2019). *Albergues del Camino Primitivo*. Oviedo: Gobierno del Principado de Asturias, Consejería de Cultura y Turismo.  
 Recuperado de: <https://tematico.asturias.es/caminodesantiago/>
- Durán-Sánchez, A., Álvarez-García, J., del Río-Rama, M. C., e Oliveira, C. (2018). Religious tourism and pilgrimage: Bibliometric overview. *Religions*, 9(9), 249. DOI: <https://doi.org/10.3390/rel9090249>
- Fernández, F. J. (2017). La documentación escrita sobre el Camino Primitivo. En F. J. Fernández (Ed.), *Los reyes de Asturias y los orígenes del culto a la tumba del apóstol Santiago* (pp. 37-71). Gijón: Trea.
- Girish, V. G., e Lee, C.-K. (2020). Authenticity and its relationship with theory of planned behaviour: Case of Camino de Santiago walk in Spain. *Current Issues in Tourism*, 23(13), 1593-1597.  
 DOI: <https://doi.org/10.1080/13683500.2019.1676207>
- GPA. (2016). *Libro blanco del Camino de Santiago del Principado de Asturias*. Oviedo: Gobierno del Principado de Asturias. Recuperado de: [https://www.asturias.es/Asturias/descargas/PDF\\_TEMAS/Cultura/patrimonio/20161103\\_Libro\\_Blanco\\_Camino\\_Santiago\\_Principado.pdf](https://www.asturias.es/Asturias/descargas/PDF_TEMAS/Cultura/patrimonio/20161103_Libro_Blanco_Camino_Santiago_Principado.pdf)
- Griffin, K., e Raj, R. (2018). The importance of religious tourism and pilgrimage: Reflecting on definitions, motives and data. *The International Journal of Religious Tourism and Pilgrimage*, 5(3), 2-9.  
 DOI: <https://doi.org/10.21427/D7242Z>
- Huang, K., Pearce, P., Guo, Q., e Shen, S. (2020). Visitors' spiritual values and relevant influencing factors in religious tourism destinations. *International Journal of Tourism Research*, 22(3), 314-324.  
 DOI: <https://doi.org/10.1002/jtr.2337>
- Iliev, D. (2020). The evolution of religious tourism: Concept, segmentation and development of new identities. *Journal of Hospitality and Tourism Management*, 45, 131-140.  
 DOI: <https://doi.org/10.1016/j.jhtm.2020.07.012>

- INE. (1990-2020). *Padrón Municipal de Habitantes*. Madrid: Instituto Nacional de Estadística. Recuperado de: <https://www.ine.es/index.htm>
- INE. (2020). *Padrón Municipal de Habitantes*. Madrid: Instituto Nacional de Estadística. Recuperado de: <https://www.ine.es/index.htm>
- Kim, B., Kim, S., e King, B. (2020). Religious tourism studies: Evolution, progress, and future prospects. *Tourism Recreation Research*, 45(2), 185-203. DOI: <https://doi.org/10.1080/02508281.2019.1664084>
- Kim, H., Yilmaz, S., e Ahn, S. (2019). Motivational landscape and evolving identity of a route-based religious tourism space: A case of Camino de Santiago. *Sustainability*, 11(13), 1-20. DOI: <https://doi.org/10.3390/su11133547>
- Krippendorff, J. (1987). *The holiday makers: Understanding the impact of leisure and travel*. London, UK: Butterworth-Heinemann.
- Lee, T. H., e Jan, F.-H. (2019). Can community-based tourism contribute to sustainable development? Evidence from residents' perceptions of the sustainability. *Tourism Management*, 70, 368-380. DOI: <https://doi.org/10.1016/j.tourman.2018.09.003>
- López, L., Pazos, M., e Piñeiro, M. A. (2019). ¿Existe overtourism en Santiago de Compostela? Contribuciones para un debate ya iniciado. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 83. DOI: <https://doi.org/10.21138/bage.2825>
- Martín, C. (2014). El Camino de Santiago primitivo a su paso por Asturias, estudio de una ruta cultural desde la perspectiva turística. *Cuadernos de Turismo*, 33, 233-249. Recuperado de: <https://revistas.um.es/turismo/article/view/195721>
- Martín-Duque, C. (2017). Los impactos del turismo en el Camino de Santiago Francés: una aproximación cualitativa. *Methados. Revista de Ciencias Sociales*, 5(1), 62-73. DOI: <http://dx.doi.org/10.17502/m.rcs.v5i1.155>
- Martín, C., e Morère-Moliner, N. (2019). La evaluación de la capacidad de carga perceptual en el Camino de Santiago Francés: una aproximación cuantitativa. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 82, 1-33. DOI: <https://doi.org/10.21138/bage.2682>
- Millán, M. G., Morales, E., e Pérez, L. M. (2010). Turismo religioso: estudio del Camino de Santiago. *Gestión Turística*, 13, 9-37. DOI: <http://dx.doi.org/10.4206/gest.tur.2010.n13-01>
- Montes, C. (2015). Al andar se hace turismo: nuevas ruralidades en torno al Camino de Santiago. *Aposta. Revista de Ciencias Sociales*, 65, 131-150. Recuperado de: <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5015416>
- Oficina de Acogida del Peregrino. (2004-2020). *Estadísticas 2014-2019*. Santiago de Compostela: Oficina de Acogida del Peregrino. Recuperado de: <https://oficinadelperegrino.com/estadisticas2/>
- Oficina de Acogida del Peregrino. (2020). *Estadísticas enero-diciembre 2020*. Santiago de Compostela: Oficina de Acogida del Peregrino. Recuperado de: <https://oficinadelperegrino.com/estadisticas2/>
- Pérez, Y., e Lois, R. C. (2018). Sustainability and visitor management in tourist historic cities: The case of Santiago de Compostela, Spain. *Journal of Heritage Tourism*, 13(6), 489-505. DOI: <https://doi.org/10.1080/1743873X.2018.1435665>
- Porcal Gonzalo, M. C., Díez Angulo, A., e Íñiguez de Heredia, J. J. (2012). Dimensión territorial y turística de la Ruta Norte del Camino de Santiago en el País Vasco: distintas concepciones, valoraciones y propuestas de intervención sobre un fenómeno multifacético. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, 58, 177-204. DOI: <http://dx.doi.org/10.21138/bage.2064>
- Precedo, A., Revilla, A., e Mínguez, A. (2007). El turismo cultural como factor estratégico de desarrollo: el Camino de Santiago. *Estudios Geográficos*, 68(262), 205-234. DOI: <https://doi.org/10.3989/egogr.2007.i262.11>
- Progano, R. N. (2018). Residents' perceptions of socio-economic impacts on pilgrimage trails: How does the community perceive pilgrimage tourism? *Asian Journal of Tourism Research*, 3(2), 148-178. DOI: <https://doi.org/10.12982/AJTR.2018.0014>
- Ron, A. S., e Timothy, D. J. (2018). *Contemporary christian travel: Pilgrimage, practice and place*. Bristol, UK: Channel View.
- SADEI. (2002-2020): *Estadísticas de Asturias*. Oviedo: Sociedad Asturiana de Estudios Económicos e Industriales. Recuperado de: [https://www.sadei.es/sadei/informacion-estadistica/banco-de-datos\\_263\\_1\\_ap.html](https://www.sadei.es/sadei/informacion-estadistica/banco-de-datos_263_1_ap.html)
- Santos, X. M. (2006). El Camino de Santiago: turistas y peregrinos hacia Compostela. *Cuadernos de Turismo*, 18, 135-150. Recuperado de: <https://revistas.um.es/turismo/article/view/17791>
- Santos, X. M. (2017). La construction touristique des Chemins de Saint-Jacques-de-Compostelle en Espagne: acteurs, regards et contradictions. *Sud-Ouest Européen. Revue Géographique des Pyrénées et du Sud-Ouest*, 43, 7-19. DOI: <https://doi.org/10.4000/soe.2522>

- Santos, X. M., e López, L. (2017). The location of tourist accommodation in Santiago de Compostela from a client perspective. *E-review of Tourism Research*, 14(5/6), 258-277.  
Recuperado de: <https://journals.tdl.org/ertr/index.php/ertr/article/view/144>
- Santos, X., e Pena, L. (2014). Management of tourist flows. The Cathedral of Santiago de Compostela. *Pasos: Revista de Turismo y Patrimonio Cultural*, 12(4), 719-735. DOI: <https://doi.org/10.25145/j.pasos.2014.12.052>
- Somoza, X., e Lois, R. C. (2017). Ordenación del territorio y estrategias de planificación en los Caminos de Santiago Patrimonio Mundial. *Investigaciones Geográficas*, 68, 47-63.  
DOI: <https://doi.org/10.14198/INGEO2017.68.03>
- Ulloa, C. A., e Ruiz, P. (2010). Impacto del año xacobeo en la economía gallega. *BBVA Research. Observatorio Regional*, marzo, 1-4. Recuperado de:  
[https://www.bbva.com/wp-content/uploads/mult/1003\\_observatorioregionalespana\\_tcm348-217035.pdf](https://www.bbva.com/wp-content/uploads/mult/1003_observatorioregionalespana_tcm348-217035.pdf)